



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



CONCELLO DE MALPICA
DE BERGANTÍNOS

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION

Número 133/2018



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTÍNOS PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO ECOMUSEO DO FORNO DO FORTE DE BUÑO (MALPICA DE BERGANTÍNOS) 2019

Na Coruña o 28 de decembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte D. Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. Eduardo José Parga Veiga Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños

EXPOÑEN

1º.- A Deputación provincial da Coruña adquiriu e rehabilitou o conxunto etnográfico do Forno do Forte e o seu quinteiro, grupo de casas anexas do século XIX, coa finalidade da súa revitalización dentro da teoría, activa e integral, do ecomuseo: reconstruír a vida cotiá, de tempos non afastados, das xentes labregas e oleiras que fixeron de Buño un centro emblemático da produción artesá de Galicia, da provincia e de Bergantiños.

2.- O concello de Malpica de Bergantiños desde o ano 2006 leva colaborando coa Deputación provincial da Coruña na xestión do Ecomuseo do Forno do Forte, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, cos immateriais, especialmente, a tradición oleira local e as novas formas de producción. O obxectivo último foi facer do espectador un actor activo, sensibilizando ao mesmo tempo sobre as posibilidades da cultura popular como recurso e reclamo turístico.

3.- O Concello de Malpica de Bergantiños durante estes anos, cumpriu coas obrigacións que se estipularon nos respectivos convenios de colaboración subscritos entre os anos 2016 e 2018 e que se referiancian a continuación:

- 1- Manter en perfectas condicións de conservación e limpeza, tanto o inmóvel como os bens incluídos no mesmo,
- 2- Facilitar a visita do conxunto etnográfico e dos elementos museísticos e doutras exposicións que albergue o mesmo polo público, colaborando en todo o que sexa posible para que poidan realizala nas mellores condicións, prestando así mesmo os servizos de guía, monitor ou similares
- 3- Dinamización do centro dentro das actividades do propio museo en especial a alfarería de Buño .
- 4- Compilación do patrimonio etnográfico da zona, especialmente agrícola, oleira e histórica.
- 5- Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións oleiras e culturais da zona.
- 6- A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura popular da zona.
- 7- Promover actividades culturais dentro da teoría do ecomuseo: actividades oleiras, conferencias, coxeduras tradicionais, gastronomía da zona, actividades agrarias, etc, en relación con colectivos culturais e educativos da zona.
- 8- Establecemento de sistemas de relacións con outros centros e ecomuseos de actividades oleiras.
- 9- A xestión da taberna como servizos aos visitantes debe incidir nunha oferta baseada nos produtos tradicionais da zona, mantendo o encanto e ambiente do seu contexto, atendido por profesionais cualificados.
- 10- O Concello de Malpica de Bergantiños asume a obrigación de facer constar a colaboración da Excma. Deputación provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

4º.- Ambas as institucións coinciden na conveniencia de abrir as canles de colaboración para que no futuro poida a Deputación ceder o seu uso do Conxunto Etnográfico Forno do Forte ao Concello de Malpica de Bergantiños .

5º - Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor deste conxunto etnográfico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños acordan subscibir o presente convenio, segúن as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO.-

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños CIF: P1504400A por medio do cal a Deputación Provincial da Coruña encomenda ao Concello de Malpica, a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño, ano 2019

SEGUNDA: OBRIGACIÓN DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTÍNOS.

A xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño implicará as seguintes obrigas por parte do Concello de Malpica de Bergantiños :

- 1.- Atención a visitantes:
 - Facilitar a visita do conxunto etnográfico e dos elementos museísticos e doutras exposicións que albergue o mesmo polo público, colaborando en todo o que sexa posible para que poidan realizala nas mellores condicións, prestando así mesmo os servizos de guía, monitor ou similares.

- Facilitar aos visitantes folletos e/ou documentación informativa sobre o ecomuseo de Ecomuseo do Forno do Forte de Buño e sobre o municipio de Malpica de Bergantiños .
- Facilitar información turística e cultural sobre a Costa da Morte , posibilitando aos visitantes a consulta dos devanditos datos por medios informáticos.
- Controlar o adecuado tránsito polo inmóvel.
- Elaborar unha estatística de visitas.

O persoal adscrito deberá atender coa maior consideración e amabilidade aos visitantes.

2.- Conservación e Mantemento: O Concello de Malpica de Bergantiños deberá manter en perfectas condicións de conservación e limpeza, tanto o inmóvel como os bens incluídos no mesmo, non podendo realizar obras no inmóvel.

En tanto estea vixente a xestión integral do Ecomuseo do Forno do Forte de Buño, os gastos de teléfono, gas, auga e enerxía eléctrica correrán a cargo do Concello de Malpica de Bergantiños .

3.- Dinamización do centro dentro das actividades do propio museo en especial a olería de Buño .

4.- Compilación do patrimonio etnográfico da zona, especialmente agrícola, oleira e histórica.

5.- Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións oleiras e culturais da zona.

6.- A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura popular da zona.

7.- Promover actividades culturais dentro da teoría do ecomuseo: actividades oleiras, conferencias, coidaduras tradicionais, gastronomía da zona, actividades agrarias, etc, en relación con colectivos culturais e educativos da zona.

8.- Establecemento de sistemas de relacións con outros centros e ecomuseos de actividades oleiras.

9.- A xestión da taberna como servizos aos visitantes debe incidir nunha oferta baseada nos produtos tradicionais da zona, mantendo o encanto e ambiente do seu contexto, atendido por profesionais cualificados.

10.-O Concello de Malpica de Bergantiños asume a obrigación de facer constar a colaboración da Excma. Deputación provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

TERCEIRA: ATENCIÓN DO PERSOAL E HORARIO

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do establecido no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o texto de Contratos do Sector Público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá creación de relación laboral algunha coa Excma. Deputación provincial da Coruña.

O horario de atención ao público será como mínimo:

Días: todos os días da semana, incluídos domingos e festivos. Fóra dos luns que permanecerá cerrado

Horario: De 11:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 horas.

CUARTA: OBRIGACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1.- A Deputación provincial da Coruña abonará o 100% dos gastos non cubertos por ingresos, ata un máximo de 69.200,00 € durante a anualidade de 2019, do 01 de xaneiro de 2019 ao 31 de decembro de 2019, con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3333/22609

2.- No caso de que os gastos xustificados non cubertos con ingresos da actividade, foran superiores, a achega provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na presente cláusula

QUINTA.- FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Malpica de Bergantiños a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira:

- Efectuaranse 4 pagos trimestrais , polo importe correspondente ao 100% dos gastos non cubertos por ingresos da actividade, correspondentes ao citado trimestre e correspondentes a períodos vencidos.
- En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado.
- Requerirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. Secretario co Vº e pr. do Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños .
- Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.
- Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.
- Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Malpica deberá presentar certificación de estar ao corrente das obligacións tributarias e de seguridade social.
- Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obligacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.
- O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.
- O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concordancia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexúzo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmóvel e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

OITAVA: VIXENCIA

1.O prazo de vixencia do presente convenio extendese desde o 1 de xaneiro de 2019 e finalizará o 31 de marzo do 2020 .
2.As actividades se realizaran, aos efectos de imputación dos gastos, entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2019, e terán que estar xustificadas un mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.
3.Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario.

NOVENA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdicción dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir no seu aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.

DÉCIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- incumplimiento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia número 45762 de 28 de decembro de 2018

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

Asdo. D. Valentín González Formoso

Asdo.: Eduardo José Parga Veiga

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. José Luis Almazán Superviña

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexúzo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmóvel e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.